

CONVOCATORIA DE PRAZAS DENTRO DO PROGRAMA DE COÑECEMENTO DA REALIDADE (PCR) DE ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS GALICIA, ANO 2011.

ÍNDICE

1. RESUMO DE PRAZAS.....	1
2. QUÉ SON OS PCR	2
3. COMPROMISOS DE ESF	2
4. COMPROMISOS XERAIS DOS SOLICITANTES	2
5. DATOS ESPECÍFICOS DAS PRAZAS	3
5.1. HONDURAS SECTOR AUGA.....	3
5.1.1. Datos básicos.....	3
5.1.2. Contexto e antecedentes	3
5.1.3. Descrición de actividades	4
5.1.4. Perfil requerido	4
5.1.5. Información dos socios locais cos que se traballará	5
5.2. HONDURAS SECTOR DESENVOLVEMENTO RURAL.....	6
5.2.1. Datos básicos.....	6
5.2.2. Contexto e antecedentes	6
5.2.3. Descrición de actividades	7
5.2.4. Perfil requerido	7
5.2.5. Información dos socios locais cos que se traballará	8
5.3. HONDURAS SECTOR ENERXÍA.....	3
5.1.1. Datos básicos.....	3
5.1.2. Contexto e antecedentes	3
5.1.3. Descrición de actividades	4
5.1.4. Perfil requerido	4
5.1.5. Información dos socios locais cos que se traballará	5
5.4. HONDURAS SENSIBILIZACIÓN-COMUNICACIÓN.....	3
5.1.1. Datos básicos.....	3
5.1.2. Contexto e antecedentes	3
5.1.3. Descrición de actividades	4
5.1.4. Perfil requerido	4
5.1.5. Información dos socios locais cos que se traballará	5
6. SOLICITUDE DE PRAZA	9

1. RESUMO DE PRAZAS

PRAZAS 2011						
NOME	PAÍS	ZONA	PRAZAS	DURACIÓN	DATA INICIO	FORMACIÓN RECOMENDADA
Apoio ós traballos de Plan de Xestión Integral dos Recursos Hidricos e obras asociadas en Marcovia e San Francisco de Coray.	Honduras	Golfo de Fonseca	2*	2 meses	Setembro	Formación no ámbito da enxeñería ou/e da intervención e diagnose social. Valoraranse coñecementos de hidráulica, enerxías renovables, topografía, hidroxeoloxía, sistemas de información xeográfica
Redución da vulnerabilidade alimentaria e uso racional dos recursos naturais na micro-cunca do río Laure, Honduras	Honduras	Golfo de Fonseca	2*	2 meses	Xuño	Coñecementos básicos sobre proxectos de cooperación e/ou voluntariado, ofimática a nivel usuario, Sistemas de Información Xeográfica, comunicación audiovisual, agroecoloxía e/ou xestión de recursos naturais.
Apoio á definición e desenvolvemento de proxectos e actuacións no eido das enerxías renovables como complemento ao programa de ESF Galicia de redución da vulnerabilidade na zona do Golfo de Fonseca, Honduras.	Honduras	Golfo de Fonseca	1*	2 meses	Setembro	Proxectos de cooperación e/ou voluntariado, ofimática e internet, implantación de sistemas de enerxías renovables, sistemas de electrificación e xestión dos recursos enerxéticos, ferramentas de comunicación audiovisual, xestión e optimización de recursos.
Recompilación de información sobre a problemática dos servizos básicos e temas de desenvolvemento sostible centrándose na realidade Hondureña e particularmente nas circunstancias politico-sociais dous anos despois do golpe de estado.	Honduras	Golfo de Fonseca	1*	2 meses	Xuño	Habilidades comunicativas e empatía, ferramentas de comunicación audiovisual, ofimática e internet, realidade politico-social, cultural e económica de Centro América e Honduras, campañas de sensibilización e incidencia e en cooperación para o desenvolvemento, Software Libre

* A realización das estancias está condicionada ás axudas que ESF acade para o programa.

2. QUE SON OS PCR

Co obxectivo de vivir en primeira persoa a realidade dos países empobrecidos e potenciar o proceso de aprendizaxe de persoas voluntarias, ESF organiza o Programa de Coñecemento de Realidade. Trátase de facilitar a pequenos grupos de voluntarios e voluntarias a participación no día a día da asociación e a súa formación. Inclúese unha estancia de curta duración (mínimo dous meses) en países do Sur, cunha compoñente técnica e aplicada, que permitirá coñecer e compartir as condicións de vida das comunidades coas que ESF e as súas copartes (socios locais) colaboran.

Os PCR promovidos por ESF son un instrumento de Educación para o Desenvolvemento xa que permiten desenvolver nos participantes coñecementos, valores e actitudes baseados no diálogo, o respecto activo e a solidariedade. Os PCR buscan o achegamento de persoas do norte á realidade dos países onde participa ESF, así como a súa inmersión no mundo da cooperación e, en concreto, á aplicación do concepto de tecnoloxía para o desenvolvemento humano.

Hai que destacar as seguintes características dos PCR que son importantes tanto para ESF como para o participante:

- Non son experiencias illadas e puntuais, senón que se vinculan directamente cos programas de cooperación para o desenvolvemento de ESF.
- Son un proceso de aprendizaxe que ofrecen aos participantes a posibilidade de ter un contacto directo coa realidade dos países do Sur mediante a realización dalgunha tarefa concreta no seo dalgún dos proxectos ou campañas que ESF desenvolve (dentro dun enfoque de aprendizaxe-servizo).
- Os principais destinatarios do programa de PCR son membros da comunidade universitaria, pero isto non é un requisito para participar no programa. Coa súa participación no programa de PCR perséguese fomentar unha formación integral, é dicir, preténdese o desenvolvemento de capacidades técnicas, pero sobre todo sociais.
- Os PCR supón unha vía de integración de novos voluntarios e, polo tanto unha vía de apoio á realización de actividades nas diferentes áreas de ESF.
- Os PCR son unha parte do ciclo formativo do voluntariado dentro de ESF e das súas actividades, dentro da concepción que ESF ten do voluntariado como axente transformador dunha sociedade inxusta e con desigualdade de oportunidades de desenvolvemento para as persoas e os pobos.

3. COMPROMISOS DE ESF

- Proporcionar ao voluntario información detallada sobre os antecedentes da asociación na zona de traballo.
- Impartir a formación precisa para os traballos a realizar.
- Facerse cargo dos gastos da viaxe e o aloxamento do voluntario, así coma dun seguro médico que o cubra durante a súa estancia en terreo.
- Dentro das posibilidades de ESF, propoñer temas ou facilitar a elaboración de traballos académicos, prácticas ou proxectos fin de carreira vinculados á estancia (que deben contar ademais cun titor académico).

4. COMPROMISOS XERAIS DOS SOLICITANTES

- Firma con ESF do compromiso de PCR antes da estancia, no que se detallarán todas as condicións da mesma.
- Compromiso de realizar as actividades propostas na estancia.
- Disponibilidade para a formación previa á estancia e integración no grupo de traballo.
- Darse de alta como **socio da asociación** con carácter previo á realización da viaxe.
- Compromiso de permanencia na asociación polo menos un ano, traballando no grupo vinculado á actividade no que desenvolveu a estancia, e nas actividades de sensibilización propostas relacionadas coa mesma,, como charlas en cursos de ESF, nas universidades, entrevistas, etc.
- Facerse cargo dos gastos de manutención na súa estancia en terreo.
- Elaboración dun informe final da experiencia a entregar **como moi tarde un mes** despois do regreso segundo modelo facilitado por ESF, e informes periódicos das actividades na súa estancia (por exemplo a través de ferramentas de bitácora).

5. DATOS ESPECÍFICOS DAS PRAZAS

5.1. HONDURAS SECTOR AUGA

5.1.1. Datos básicos

ACTIVIDADE	Apoio aos traballos de Plan de Xestión Integral dos Recursos Hídricos en Marcovia e San Francisco de Coray		
PAÍS	Honduras	ZONA	Golfo de Fonseca
COPARTE	Alcaldía de Marcovia, Save The Children Honduras, CODDEFFAGOLF		
DURACIÓN MÍNIMA	2 meses	DATA APROXIMADA DA ESTANCIA	Setembro-novembro 2011
Nº PRAZAS	2 (ambas condicionadas á consecución de financiamento)		

5.1.2. Contexto e antecedentes

Ata 2012, tres asociacións da Federación Española de Enxeñería Sen Fronteiras (APD, Galicia e Cataluña) están a unir esforzos para pór en marcha un programa para a redución da vulnerabilidade da poboación rural en Centroamérica, concretamente en Nicaragua, Honduras e O Salvador. Vanse a destinar algo máis de 7 millóns de euros, na achegados pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, a Agència Catalá de Cooperació ao Desenvolvemento, a Diputación de Valladolid e diversas entidades en Galicia (como a Xunta de Galicia, a Deputación de A Coruña, o Concello de Lugo ou a Universidade de A Coruña), para mellorar a xestión territorial cun enfoque de cunca hidrográfica, promover o acceso aos servizos de auga e saneamento, e en xeral apoiar a gobernanza dos recursos hídricos.

ESF Galicia lidera as actividades deste programa en Honduras, centrándose no abastecemento e saneamento de auga en comunidades rurais. Con isto, preténdese contribuir ao desenvolvemento das infraestruturas básicas de diferentes comunidades situadas na zona do Golfo de Fonseca, **especificamente no concello de San Francisco de Coray e Marcovia**, coa implementación de sistemas tecnoloxicamente apropiados ao entorno e xestionados mediante entes comunitarios apoiándose na propia alcaldía. Traballarase no desenvolvemento de capacidades das poboacións beneficiarias tanto na xestión e mantemento das infraestruturas como na protección do recurso hídrico. Como primeira etapa deste proceso, estanse a rematar os "**Plans Municipais de Xestión Integral dos Recursos Hídricos**". Neste realizase unha diagnose de necesidades en canto ao abastecemento e saneamento de auga, establecendo unha planificación das actuacións e inversións necesarias a medio prazo para a mellora do acceso á auga potable e saneamento con enfoque de cunca hidrográfica. Estes plans pretenden ser unha ferramenta de planificación sectorial para os gobernos locais, ONG e comunidades do municipio que complementen os plans xerais de desenvolvemento e

ordenación territorial. Os eidos de traballo que inclúe son: infraestruturas, calidade da auga, protección e xestión sostible do recurso hídrico.

5.1.3. Descrición de actividades

Formación Previa.

Formación específica os meses de maio e xuño en Galicia.

Actividades no terreo.

- Tarefas relacionadas coa posta en marcha das distintas liñas do programa de *Redución da vulnerabilidade en áreas empobrecidas, a través do acceso ao auga potable, o saneamento e a xestión sostible de recursos hídricos e do territorio con enfoque de cunca hidrográfica en O Salvador, Honduras e Nicaragua.*

Tratarase de dar apoio á elaboración do *Plan de Xestión Integral do recurso hídrico en San Francisco de Coray e Marcovia*, así como nas actividades de educación e sensibilización ambiental asociadas ao mesmo, e contribuir ao fortalecemento das capacidades dos socios locais. Tamén pódese participar no seguimento dos proxectos de abastecemento e saneamento de auga que estean en marcha.

- Apoio en temas de Sistemas de Información Xeográfica (SIX).

Devanditas tarefas serán de acompañamento ás copartes ou socios locais:

·Alcaldía de Marcovia e Save The Children dando apoio na fase inicial de levantamento de datos sociais das comunidades nas que se realizará o diagnóstico dos recursos hídricos, e complementando a formación dos técnicos locais se fora necesario

- Actividades relacionadas co desenvolvemento do seu proxecto fin de carreira ou tese, se procede.

5.1.4. Perfil requerido

·Especial sensibilización e motivación en temas relacionados coa cooperación internacional.

·Capacidade de traballo en equipos multidisciplinares e multiculturais e capacidade de convivencia e de adaptación a realidades diferentes.

·Ofimática e internet a nivel usuario.

·Disponibilidade para a formación previa, para pertenza ao grupo de Honduras-Auga 2 meses antes da marcha, e para a estancia 2 meses no terreo.

·Compromiso de permanencia na asociación polo menos un ano, dende a concesión da praza, traballando nas actividades de sensibilización propostas e no grupo de proxectos de Honduras-auga.

Valóranse adicionalmente:

·Coñecementos de hidráulica e hidroloxía, topografía, tratamento de residuos e reciclaxe, impacto e políticas ambientais, sistemas de información xeográfica, bases de datos, software libre, ordenación do territorio e intervención e diagnose social.

·Formación previa en cooperación para o desenvolvemento.

- Coñecemento da filosofía de ESF e a vinculación á asociación.
- Asociar a estancia á realización dun proxecto fin de carreira ou tese proposta pola persoa voluntaria ou o equipo técnico de proxectos de ESF, e aprobada por este último.
- Coñecementos en ferramentas de comunicación audiovisual.

5.1.5. Información dos socios locais cos que se traballará

- **Save The Children Honduras** é unha organización cunha gran experiencia en dereitos humanos, e especificamente na temática de auga e saneamento na zona do programa xa desde a época do Mitch. Ademais a súa filosofía de traballo é a de fortalecemento das institucións locais, promovendo o traballo conxunto coas alcaldías e as Xuntas Administradoras de Auga Potable para a súa empoderamento, dentro do marco legal existente no país. Con eles estase a desenvolver o Plan de Xestión Integral dos Recursos Hídricos no concello de San Francisco de Coray, incidindo especialmente no fortalecemento da unidade técnica da alcaldía, e en distintas obras de posta en marcha de sistemas de abastecemento e saneamento xa no período final do programa, a partir do terceiro ano.
- **A Alcaldía de Marcovia** ten unha das unidades técnicas mellor valoradas a nivel nacional polo programa do Fondo Hondureño de Investimento Social (FHIS), con varios anos de executando directamente fondos dese programa (que incide entre outras cousas en auga potable e saneamento). Ademais os seus técnicos teñen unha continuidade pouco habitual entre as alcaldías da zona. Conta cun departamento específico de promoción social, xénero e nenez, así como cunha unidade ambiental municipal integrada na unidade técnica municipal (UTM). Con eles se desenvolve o Plan de Xestión Integral dos Recursos Hídricos en Marcovia, e distintas obras de posta en marcha de sistemas de abastecemento e saneamento ao longo dos 4 anos que dura o programa (até 2012).

*MÁS INFORMACIÓN

- Artigo *Agua y Territorio en Centroamérica*, publicado no ESFormativo (boletín trimestral da Federación Española de Ingeniería Sin Fronteras), número 64: <http://www.isf.es/adjuntos/cas/pdf/isformativo64-cast.pdf>
- Blogue de ESF Galicia en Honduras: <http://esfhonduras.blogspot.com/>
- Comité para la Defensa de la Flora y Fauna del Golfo de Fonseca: <http://www.coddeffagolf.org/>
- Save The Children Honduras: <http://www.savethechildren.net/honduras>
- Alcaldía de Marcovia: <http://marcoviahonduras.com/>

5.2. HONDURAS SECTOR DESENVOLVEMENTO RURAL

5.2.1. Datos básicos

ACTIVIDADE	Redución da vulnerabilidade alimentaria e uso racional dos recursos naturais na micro-cunca do río Laure, Honduras		
PAÍS	Honduras	ZONA	Golfo de Fonseca, Río Laure
COPARTE	Comité para a Defensa e Desenvolvemento da Flora e Fauna do Golfo de Fonseca (CODDEFFAGOLF)		
DURACIÓN	2 meses	DATA	Xuño-agosto 2011

MÍNIMA		APROXIMADA DA ESTANCIA	
Nº PRAZAS	2 (ambas condicionadas á consecución de financiamento)		

5.2.2. Contexto e antecedentes

ESF Galicia, traballa na zona do golfo de Fonseca desde 2008 dentro do mencionado programa "Redución da vulnerabilidade en áreas empobrecidas, a través do acceso á auga potable, o saneamento, e a xestión sustentable de recursos hídricos e do territorio con enfoque de cunca hidrográfica no Salvador, Honduras e Nicaragua", até o de agora centrándose no eido da auga potable e o saneamento. Á súa vez, estivo a desenvolver entre 2007 e 2010 o programa de "Fortalecemento das capacidades das comunidades da microcunca do Río Sasle para unha xestión sostible dos recursos naturais" en Nicaragua, co cal se obtiveron interesantes leccións aprendidas no eido da ordenación territorial con enfoque de cunca hidrográfica e o traballo con familias campesiñas, que agora tamén enriquecen o traballo en Honduras e súmase á experiencia de Amigos da Terra e CODDEFFAGOLF de moitos anos de traballo na zona no eido ambiental. No concello de San Lorenzo, no Golfo de Fonseca, partindo dunha análise común e compartido da problemática, derivado da experiencia e a estreita colaboración en proxectos de cooperación na zona, identificouse a necesidade dun proxecto na microcunca do Río Laure orientado a reducir a vulnerabilidade alimentaria fortalecendo a soberanía alimentaria e promovendo un uso racional dos recursos naturais. Ademais cóntase co apoio de CARTOLAB de Universidade de A Coruña, con ampla experiencia no mundo dos Sistemas de Información Xeográfica e do Software Libre. Este proxecto estase a desenvolver dende mediados de 2010.

5.2.3. Descrición de actividades

Formación Previa.

Formación específica os meses de abril e maio en Galicia.

Actividades no terreo.

As tarefas a realizar estarán relacionadas coa execución do proxectos que ESF Galicia ten en marcha na zona de traballo:

1. Proxecto de "Redución da vulnerabilidade alimentaria e uso racional dos recursos naturais na micro-cunca do río Laure, Honduras".

O proxecto localízase na microcunca do Río Laure, no departamento de Valle en Honduras. Con el, preténdese contribuír a diminuír a pobreza e a vulnerabilidade alimentaria das familias do sur de Honduras, promovendo un uso racional dos recursos naturais e sistemas sostibles de produción de alimentos.

Trabállase directamente con 200 familias de 8 comunidades, todas elas pertencentes ao concello de San Lorenzo. Os principais problemas que en relación á vulnerabilidade alimentaria afectan a esta poboación están relacionados con:

- Un desequilibrio na tenencia e distribución da terra.
- Escasa diversificación e planificación baixo criterios de rendibilidade e sustentabilidade da produción agraria.

- Xestión insostible dos recursos naturais por utilización de prácticas inadecuadas e contaminantes que afectan non só á zona da microcunca, senón á Baía de San Lorenzo, onde desemboca o río Laure (zona de alto valor natural e con gran importancia de sistemas produtivos baseados na pesca tradicional).
- Escasa concienciación ambiental.
- Deficiencia nos sistemas de post-colleita, que minguan a dispoñibilidade para a poboación dos alimentos producidos.
- Debilidade institucional das organizacións encargadas de ordenar e planificar os usos do territorio.
- Situación de desigualdade entre homes e mulleres en canto ao acceso dos recursos naturais da comunidade.

Para mellorar esta situación expónse unha serie de actuacións coas que se pretende:

- Mellorar a sustentabilidade ambiental, mediante a elaboración e implementación de plans de manexo de fincas, instalación de microsistemas de rega por goteo para mellorar a eficiencia no uso da auga na agricultura, introdución de cultivos non tradicionais en hortos familiares e de aves de curral para produción de ovos e carne e conseguir así diversificar a produción de alimentos, establecemento de sistemas de produción de grans básicos combinados con árbores de usos múltiples e introdución de métodos para a elaboración de abonos orgánicos que sexan máis respectuosos co medio ambiente.
- Implementar sistemas de conservación dos recursos naturais, a través da protección de zonas vulnerables do territorio con cercados elaborados con árbores ou arbustos de usos múltiples (cercas vivas), introdución de prácticas e medidas de conservación do solo e de tecnoloxías para o melloramento do fogar desde o punto de vista ambiental (por exemplo a través de cociñas melloradas e filtros de augas grises)
- Impulsar sistemas de post-colleita de produtos agropecuarios, a través do establecemento dun centro comunitario de semente autóctona e a promoción de sistemas de almacenamento de grans básicos a nivel familiar.
- Sensibilizar á poboación no Sur e no Norte sobre o acceso equitativo e sostible dos recursos naturais, a través de obradoiros comunitarios, campañas, foros de intercambio de experiencias, etc.
- Fortalecer as capacidades dos actores locais en produción sostible e ordenamento territorial, a través da implementación de Sistemas de Información Xeográfica (SIX) na elaboración dos plans de manexo de fincas, fortalecemento das organizacións locais en ordenamento territorial e SIX, elaboración do documento base para definir as estratexias de ordenamento territorial da microcunca do Río Laure e creación de redes de expertos locais que traballen en temas de ordenación e planificación do territorio.

2. **Actividades relacionadas co desenvolvemento do seu proxecto fin de carreira ou tese, se procede.**

O voluntario/a traballará coa asociación local responsable dos proxectos Comité para a Defensa e Desenvolvemento da Flora e Fauna do Golfo de Fonseca (CODDEFFAGOLF), a quen poderá nalgún caso fortalecer en coñecementos de tipo formulación de proxectos de cooperación ou ofimática, apoiar nalgún outro proxecto que se poña en marcha, e tamén traballará co grupo de Desenvolvemento Rural de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia.

5.2.4. Perfil requerido

- Coñecementos básicos sobre proxectos de cooperación e/ou voluntariado.
- Ofimática e internet a nivel usuario.
- Coñecementos agro-forestais e xestión dos recursos naturais.
- Compromiso de permanencia na asociación polo menos dun ano participando e traballando nas actividades do grupo.
- Capacidade de traballo, convivencia e adaptación en realidades diferentes.

Valóranse adicionalmente:

- Formación previa en cooperación para o desenvolvemento.
- Coñecemento da filosofía ESF e vinculación á asociación
- Asociar a estancia á realización dun proxecto fin de carreira ou tese proposta pola persoa voluntaria ou o equipo técnico de proxectos de ESF, e aprobada por este último.
- Coñecemento en ferramentas de comunicación audiovisual
- Ordenación do territorio e sistemas de información xeográfica.

5.2.5. Información das copartes ou socios locais cos que se traballará

- O **Comité para a Defensa e Desenvolvemento da Flora e Fauna do Golfo de Fonseca (CODDEFFAGOLF)** ten experiencia contrastada xa desde a súa creación en 1988 en sensibilización e incidencia en política ambiental, traballando con distintos axentes de cooperación, e con recoñecemento ata a nivel internacional. Ademais realizan o comanexo das áreas protexidas do Golfo de Fonseca (dúas delas en Marcovia) coa Administración Forestal do Estado-Corporación Hondureña de Desenvolvemento Forestal (AFE-COHDEFOR), e están a incluír o enfoque de soberanía alimentaria no desenvolvemento dos seus programas.

***MÁS INFORMACIÓN**

- Blogue do ESF Galicia en Honduras: <http://esfhonduras.blogspot.com/>
- Blogue de ESF Galicia en Honduras deste proxecto: <http://esfhonduras.blogspot.com/search/label/Proyecto%20Agro%20Laure%20San%20Lorenzo%20Xunta%20de%20Galicia%202010>
- Comité para la Defensa de la Flora y Fauna del Golfo de Fonseca: <http://www.coddeffagolf.org/>

5.3. HONDURAS SECTOR ENERXÍA

5.3.1. Datos básicos

ACTIVIDADE	Apoio á definición e desenvolvemento de proxectos e actuacións no eido das enerxías renovables como complemento ao programa de ESF Galicia de redución da vulnerabilidade na zona do Golfo de Fonseca, Honduras.		
PAÍS	Honduras	ZONA	Golfo de Fonseca
COPARTE	Alcaldía de Marcovia, Save The Children Honduras		
DURACIÓN MÍNIMA	2 meses	DATA APROXIMADA DA ESTANCIA	Xuño-agosto 2011
Nº PRAZAS	1 (condicionada á consecución de financiamento)		

5.3.2. Contexto e antecedentes

Como xa se remarcou, ata 2012, tres asociacións da Federación Española de Enxeñería Sen Fronteiras (APD, Galicia e Cataluña) están a unir esforzos para pór en marcha un programa para a redución da vulnerabilidade da poboación rural en Centroamérica, concretamente en Nicaragua, Honduras e O Salvador. Se traballa para mellorar a xestión territorial cun enfoque de cunca hidrográfica, promover o acceso aos servizos de auga e saneamento, e en xeral apoiar a gobernanza dos recursos hídricos.

ESF Galicia lidera as actividades deste programa en Honduras, centrándose no abastecemento e saneamento de auga en comunidades rurais, e máis recentemente incluíndo a parte de soberanía alimentaria e traballo con familias campesiñas. Con isto, preténdese contribuir ao desenvolvemento das infraestruturas básicas de diferentes comunidades situadas na zona do Golfo de Fonseca, coa implementación de sistemas tecnoloxicamente apropiados ao entorno e xestionados mediante organizacións comunitarios apoiándose nas propias alcaldías. Vense observando dende a obtención dos primeiros resultados dos "Plans Municipais de Xestión Integral dos Recursos Hídricos" que moitos dos condicionantes para o desenvolvemento local veñen dados polo acceso deficiente a enerxía. Isto agrava o problema da deforestación e a vulnerabilidade do territorio, pero tamén o de fortalecemento das familias nos eidos de educación, saúde e produtivo.

5.3.3. Descrición de actividades

Formación Previa.

Formación específica os meses de maio e xuño en Galicia.

Actividades no terreo.

As tarefas a realizar estarán encamiñadas especialmente á definición e concreción de actividades no eido das enerxías que complementen as liñas do programa que se está a desenvolver no Golfo de Fonseca en sobre todo dúas compoñentes:

- 1) Busca e estudo de alternativas de enerxía solar para bombeo de auga e outras solucións puntuais vinculadas ás enerxías renovables no eido do desenvolvemento rural.
- 2) Complemento do programa con conceptos de dereito á soberanía enerxética e propostas concretas de accións de electrificación en comunidades insulares do Golfo de Fonseca.

5.3.4. Perfil requerido

- Coñecementos básicos sobre proxectos de cooperación e/ou voluntariado.
- Ofimática e internet a nivel usuario.
- Coñecementos sobre implantación de sistemas de enerxías renovables.
- Coñecementos de sistemas de electrificación e xestión dos recursos enerxéticos.
- Disponibilidade para a formación previa e pertenza ao grupo de Enerxía 2 meses antes da marcha
- Disponibilidade de 2 meses para actividades en terreo
- Compromiso de permanencia na asociación polo menos dun ano participando e traballando nas actividades do grupo de Enerxía.
- Capacidade de traballo, convivencia e adaptación en realidades diferentes.

Valóranse adicionalmente:

- Formación previa en cooperación para o desenvolvemento.
- Coñecemento da filosofía ESF e vinculación á asociación
- Asociar a estancia á realización dun proxecto fin de carreira ou tese proposta pola persoa voluntaria ou o equipo técnico de proxectos de ESF, e aprobada por este último.
- Coñecemento en ferramentas de comunicación audiovisual
- Coñecemento en xestión e optimización de recursos.

5.3.5. Información das copartes ou socios locais cos que se traballará

- **Save The Children Honduras** é unha organización cunha gran experiencia en dereitos humanos, e especificamente na temática de auga e saneamento na zona do programa xa desde a época do Mitch. Ademais a súa filosofía de traballo é a de fortalecemento das institucións locais, promovendo o traballo conxunto coas alcaldías e as Xuntas Administradoras de Auga Potable para a súa empoderamiento, dentro do marco legal existente no país. Con eles desenvolverase o Plan de Xestión Integral dos Recursos Hídricos en San Francisco de Coray, incidindo especialmente no fortalecemento da unidade técnica da alcaldía, e en distintas obras de posta en marcha de sistemas de abastecemento e saneamento xa no período final do programa, a partir do terceiro ano. O interese neste eido de alternativas que empreguen enerxías renovables é grande, pero tamén no eido do traballo con familias campesiñas, que STC desenvolve como unha das súas liñas estratéxicas.

- **A Alcaldía de Marcovia** vén sendo beneficiaria das actividades de apoio aos pescadores artesanais dentro dos programas de actuación na zona de AECID e a Xunta de Galicia. Ten unha das unidades técnicas mellor valoradas a nivel nacional polo programa do Fondo Hondureño de Inversión Social (FHIS), con varios anos de executando directamente fondos dese programa (que incide entre outras cousas en auga potable e saneamento). Ademais os seus técnicos teñen unha continuidade pouco habitual entre as alcaldías da zona. Conta cun departamento específico de promoción social, xénero e nenez, así como cunha unidade ambiental municipal integrada na unidade técnica municipal (UTM). Neste caso as alternativas de enerxías renovables dentro do Plan de Xestión Integral dos Recursos Hídricos son moi valoradas, e tamén as propostas de electrificación en zonas remotas.

***MÁIS INFORMACIÓN**

- Blogue de ESF Galicia en Honduras: <http://esfhonduras.blogspot.com/>
- Comité para la Defensa de la Flora y Fauna del Golfo de Fonseca: <http://www.coddeffagolf.org/>
- Save The Children Honduras: <http://www.savethechildren.net/honduras>
- Alcaldía de Marcovia: <http://marcoviahonduras.com/>

5.4. HONDURAS SENSIBILIZACIÓN-COMUNICACIÓN

5.4.1. Datos básicos

ACTIVIDADE	Recompilación de información sobre a problemática dos servizos básicos e temas de desenvolvemento sostible centrándose na realidade Hondureña e particularmente nas circunstancias político-sociais dous anos despois do golpe de estado.		
PAÍS	Honduras	ZONA	Golfo de Fonseca
COPARTE	Alcaldía de Marcovia, Save The Children Honduras, CODDEFFAGOLF		
DURACIÓN MÍNIMA	2 meses	DATA APROXIMADA DA ESTANCIA	Setembro-novembro 2011
Nº PRAZAS	1 (condicionada á consecución de financiamento)		

5.4.2. Contexto e antecedentes

A presenza de ESF Galicia no Golfo de Fonseca remóntase xa ao ano 2007, traballando inicialmente no eido da auga e saneamento e o fortalecemento institucional e, dende o 2010, no de soberanía alimentaria. Xa son, pois, máis de tres anos de traballo na zona que serviron para ir afondando nas causas da desigualdade e a problemática da zona. Esta praza encádrase na estratexia de ESF Galicia de considerar os programas internacionais de cooperación ao desenvolvemento non soamente na súa dimensión de

mellora da calidade de vida da poboación dos países nos que se traballa paliando necesidades no terreo, senón tamén como unha fonte primaria para coñecer esas causas profundas da desigualdade e poder mellorar as actividades de denuncia, sensibilización e educación para o desenvolvemento que ESF realiza en Galicia e España. Coa recollida sistemática de información na zona preténdese mellorar a calidade e profundidade das accións transformadoras no norte (contando con información de máis calidade e testemuñas directas) como no sur (con apoio no eido do enfoque de dereitos ás copartes e outras institucións na zona).

5.4.3. Descrición de actividades

Formación Previa.

Formación específica os meses de maio e xuño en Galicia.

Actividades no terreo.

As tarefas a realizar estarán encamiñadas especialmente á recompilación de material de diversa natureza (imaxes, videos, entrevistas...) para dispoñer de información de primeira man coa que poder sensibilizar no Norte acerca do acceso aos servizos básicos, en temas de desenvolvemento sostible centrándose na realidade Hondureña e particularmente nas circunstancias político-sociais dous anos despois do golpe de estado.

Estruturaranse entorno a dúas liñas de traballo:

A) **Historias de Vida:** é unha modalidade moi interesante de entrevista, máis longa e en máis profundidade ca unha entrevista común. Para levalas a cabo deberase realizar unha investigación previa para coñecer o contexto e a realidade na que se inscribe a entrevista, así como a historia, os antecedentes mais importantes que puideran ter influído nese contexto ou no entrevistado. Será preciso tamén a recompilación de materiais (gráficos, audiovisuais e bibliográficos) para apoiar os relatos e as entrevistas.

B) **Diario de Viaxe - Crónica:** relatos, escritos, gravacións audiovisuais, fotografías, etc da realidade hondureña dende diferentes perspectivas, tanto en idade (nenas e nenas, xoves, homes e mulleres adultas e vellas e vellos) como en situación social (campesiños, profesionais liberais, empresarios, amas de casa, habitantes de cidades, acomodados, con problemas económicos etc). Os materiais tan distintos obtidos permitirán tanto o bo desenvolvemento da liña de traballo „Historias de vida“ a modo de acompañamento das entrevistas, así como a alimentación dos blogues de ESF e outras ferramentas de comunicación da asociación ou externas; e a súa utilización para o maquetado e elaboración propia de reportaxes, carteis, trípticos, exposicións, material para charlas que se usarán posteriormente nas campañas de sensibilización no Norte do grupo.

Tamén se poderá apoiar ás copartes na formación nalgún tema de dereito aos servizos básicos (dereito humano ao auga principalmente).

5.4.4. Perfil requerido

- Pensamento crítico para realizar o traballo de xeito reflexivo e dende múltiples perspectivas, analizando o contexto no que se engloba
- Habilidades comunicativas e empatía
- Creatividade e capacidade de redacción
- Especial motivación en temas relacionados coa sensibilización no Norte e consciencia da importancia clave da Investigación para o Desenvolvemento no Norte como forma de alcanzar un mundo máis xusto e solidario
- Capacidade de traballo en equipos interdisciplinarios e multiculturais e capacidade de convivencia e de adaptación en realidades diferentes
- Coñecementos en ferramentas de comunicación audiovisual
- Ofimática e internet a nivel usuario
- Dispoñibilidade para a formación previa e pertenza ao grupo de Sensibilización-Comunicación de Compostela 2 meses antes da marcha
- Dispoñibilidade de 2 meses para actividades en terreo
- Compromiso de permanencia na asociación de polo menos un ano, dende a concesión da praza, traballando nas tarefas propostas dentro do grupo de Sensibilización-Comunicación

Valóranse adicionalmente:

- Coñecementos da realidade político-social, cultural e económica de América Latina, e en particular de Centro América e Honduras, así como da súa historia, polo menos, da máis recente
- Experiencia previa en edición e maquetado de vídeos, gravacións ou documentos e en redacción nalgunha publicación
- Formación e experiencia e deseño e realización de campañas de sensibilización e incidencia, e en cooperación para o desenvolvemento
- Coñecementos de Software Libre
- Formación e experiencia previa en proxectos de investigación socioeconómica para o desenvolvemento
- Coñecemento da filosofía de ESF e a vinculación á asociación.
- Asociar a estancia á realización dun proxecto fin de carreira ou tese proposta pola persoa voluntaria ou o equipo técnico de proxectos de ESF, e aprobada por este último

5.4.5. Información das copartes ou socios locais cos que se traballará

- O Comité para a Defensa e Desenvolvemento da Flora e Fauna do Golfo de Fonseca (CODDEFFAGOLF) ten experiencia contrastada xa desde a súa creación en 1988 en sensibilización e incidencia en política ambiental, traballando con distintos axentes de cooperación, e con recoñecemento ata a nivel internacional. Ademais realizan o comanexo das áreas protexidas do Golfo de Fonseca (dúas delas en Marcovia) coa Administración Forestal do Estado-Corporación Hondureña de Desenvolvemento Forestal (AFE-COHDEFOR) e teñen unha gran presenza nas comunidades rurais do Golfo de Fonseca, coñecendo moi de preto a problemática da zona. Forman parte da resistencia hondureña contra o golpe de estado, co que tamén na parte de visibilización deste conflito encuberto teñen moito que aportar.

*MÁS INFORMACIÓN

- Blogue de ESF Galicia en Honduras: <http://esfhonduras.blogspot.com/>
- Blogue de vida asociativa de ESF Galicia (grupo sensibilización): <http://esfgalicia.blogspot.com/search/label/Grupo%20Sensibilizaci%C3%B3n>
- Comité para la Defensa de la Flora y Fauna del Golfo de Fonseca: <http://www.coddeffagolf.org/>

6. SOLICITUDE DE PRAZA

As persoas interesadas deben enviar, en **formato pdf**, un **breve CV** cos datos máis relevantes **para a praza**, xunto cunha **carta de motivación tamén en pdf**, ao correo **info@galicia.isf.es**. Deberanse enviar **tantos correos-e como prazas diferentes** ás que se queira optar, indicando no **asunto** o nome da praza correspondente (PCR-auga, PCR-desenvolvemento rural, PCR-enerxías, PCR-sensibilización).

As solicitudes que non inclúan ambos documentos non entrarán no proceso de selección. No caso de ser voluntario de ESF, non é preciso acreditar os méritos referentes a actividades en ESF. En caso de méritos noutras asociacións/institucións, recoméndase aportar, polo menos, datos de contacto para a súa verificación. Aos candidatos finalistas realizaráselles unha entrevista persoal. Os non seleccionados para a entrevista serán notificados vía correo-e.

A data limite para a presentación de solicitudes é o **11 de abril do 2011**.